

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS (ADOS), A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE (ACIS), A FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA 061, A FUNDACIÓN PÚBLICA INSTITUTO GALEGO DE OFTALMOLOXÍA (INGO) E "GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, S.A.", PARA A DOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TELECOMUNICACIÓNS, INTERNET, MANTEMENTO DO EQUIPAMENTO DE COMUNICACIÓNS E XESTIÓN DA REDE.

Santiago de Compostela, a 14 de maio de 2019.

REUNIDOS

Dunha parte, Jesús Vázquez Almuiña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, actuando en representación da Consellería de Sanidade e do organismo autónomo adscrito á mesma, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 41/2013 e 43/2013, do 2 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Doutra parte, María Luisa López García, directora da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS), no exercicio das funcións que ten atribuídas no artigo 15 do Decreto 142/2015, do 17 de setembro, polo que se crea a Axencia e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, Beatriz Allegue Requeijo, xerente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), no exercicio das funcións que ten atribuídas no artigo 15 do Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, José Manuel Flores Arias, director da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061, no exercicio das funcións que ten atribuídas no artigo 16 dos estatutos da fundación, aprobados por Decreto 276/2001, do 27 de setembro, de adaptación das fundacións sanitarias á disposición adicional sétima da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo.

Doutra parte, Elío Diez-Feijóo Arias, director técnico da Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía (INGO), no exercicio das funcións que ten atribuídas no artigo 15 dos estatutos da fundación, aprobados por Decreto 276/2001, do 27 de setembro, de adaptación das fundacións sanitarias á disposición adicional sétima da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo.

E doutra parte, Rocío Mosquera Álvarez, directora xerente de "Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A", no exercicio das funcións que ten atribuídas no artigo 20 dos estatutos da sociedade, aprobados por Decreto 229/1994, do 14 de xullo, modificados por Decreto 209/2008, do 28 de agosto.

As partes recoñécense capacidade e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e na súa virtude



The image shows six handwritten signatures in blue ink, arranged horizontally at the bottom of the page. From left to right, they correspond to the parties mentioned in the text above: Jesús Vázquez Almuiña, María Luisa López García, Beatriz Allegue Requeijo, José Manuel Flores Arias, Elío Diez-Feijóo Arias, and Rocío Mosquera Álvarez. The signatures are stylized and vary in complexity.

EXPOÑEN

I.- A Consellería de Sanidade é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control do desenvolvemento das funcións e competencias que, en materia de sanidade, lle corresponden á Xunta de Galicia de acordo co establecido nos artigos 27.23º, 28.8º e 33 do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril.

De conformidade co artigo 31 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, correspóndelle á Consellería de Sanidade a dirección do Sistema Público de Saúde de Galicia, que ten entre os seus principios reitores a cooperación intersectorial, a integración funcional dos recursos apostando por fórmulas colaborativas, a calidade dos servizos e a mellora continua, así como a eficacia, efectividade e eficiencia na xestión do sistema e a procura da suficiencia de recursos.

II.- O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989 e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de tódalas áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en tódalas súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

A Lei 1/2018, do 2 de abril, modificou a citada Lei 8/2008, do 10 de xullo, establecendo na súa Disposición transitoria primeira (ordenación territorial transitoria) que en tanto non se desenvolva regulamentariamente a ordenación territorial do Sistema público de saúde de Galicia prevista na lei, o ámbito xeográfico de las áreas, distritos e zonas sanitarias respectará e terá en conta as actuais estruturas organizativas de xestión integrada. A tal efecto, mentres non se desenvolva a estrutura orgánica dos dispositivos territoriais previstos na lei, actuarán como xestores das respectivas estruturas sanitarias os órganos das actuais estruturas organizativas de xestión integrada.

Estas estruturas (EOXIS) foron implantadas a través do Decreto 168/2010, do 7 de outubro, como instrumento de organización, sen personalidade xurídica, no ámbito periférico do Servizo Galego de Saúde, para asumir con autonomía funcional, de forma integrada a xestión dos recursos, prestacións e programas da atención sanitaria, tanto do nivel de atención primaria coma hospitalaria, así como sociosanitaria e de promoción e protección da saúde.

Como consecuencia do correspondente desenvolvemento regulamentario, e da modificación normativa operada pola citada Lei 1/2018, do 2 de abril, existen actualmente sete estruturas organizativas de xestión integrada no ámbito do Servizo Galego de Saúde, que se corresponden coas áreas sanitarias previstas na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de Sanidade.

III.- A Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS) creouse por Decreto 142/2015, do 17 de setembro, como unha axencia pública autonómica que se encadra dentro das entidades públicas instrumentais reguladas no título III da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A Axencia está adscrita á Consellería de Sanidade a través da Dirección Xeral con competencias en materia de asistencia sanitaria do Servizo Galego de Saúde.

Esta entidade ten como fin actuar como un instrumento de xestión eficiente para asegurar a doazón voluntaria de sangue, o procesamento, fraccionamento, almacenaxe e o abastecemento de compoñentes sanguíneos e hemoderivados, a coordinación de transplantes de órganos e a obtención, procesamento, almacenaxe, distribución e implante de células e tecidos, aplicando os criterios de calidade vixentes no mercado e na lexislación de aplicación, e seguridade marcados tanto pola lexislación vixente coma polas guías científicas, e asegurando que se cumpren todos os aspectos éticos inherentes a la doazón e ao uso de substancias de orixe humana procedentes da mesma.



Five handwritten signatures in blue ink are located at the bottom of the page. The signatures are stylized and appear to be in cursive. The word 'Carreiras' is written vertically in blue ink on the right side of the page, overlapping the last signature.

A Axencia é a entidade pública instrumental, medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos poderes adxudicadores dependentes dela, responsable na Comunidade Autónoma de Galicia da excelente aplicación da normativa e políticas públicas de hemoterapia, transplantes e tecidos da Unión Europea e do Goberno de España baixo os principios reitores do altruismo, voluntariedade e solidariedade.

No artigo 3 dos seus estatutos establécense os obxectivos estratéxicos de garantir o abastecemento de sangue e dos seus derivados aos provedores de servizos sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo os estándares de calidade vixentes no mercado e na lexislación de aplicación; coordinar a doazón, os transplantes de órganos e o procesamento, almacenaxe, distribución e implante de células e tecidos, velando polo cumprimento dos estándares de calidade vixentes no mercado e na lexislación de aplicación; asumir a organización e garantir a dispoñibilidade de mostras de máxima calidade de células e tecidos; e asumir a coordinación das actuacións en Galicia nos ámbitos da doazón, transfusión, transplante de órganos e tecidos coas comunidades autónomas, co Goberno de España e cos organismos internacionais.

IV.- A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) creouse por Decreto 112/2015, do 31 de xullo, como Axencia pública autonómica que se encadra dentro das entidades públicas instrumentais reguladas no título III da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Aos efectos previstos na normativa de contratación pública, a Axencia ten a condición de medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos poderes adxudicadores dela dependentes.

A Axencia ten como fins xerais e obxectivos básicos, actuar, en réxime de descentralización funcional, como un instrumento de xestión da formación no Sistema público de Saúde de Galicia, así como o fomento e a coordinación da investigación nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, a coordinación e o impulso da actividade innovadora da Consellería de Sanidade e do seu organismo autónomo, e a avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, así como a formación continuada dos profesionais das institucións sanitarias.

Tamén ten a condición de organismo público de investigación a efectos da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, na Lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, e na Lei 5/2013, de 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia.

En atención aos seus obxectivos, de acordo coa súa finalidade e funcións, e de conformidade co disposto na Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, e na Lei 8/2008, de saúde de Galicia, a Axencia terá a condición de axente do Sistema galego de investigación e innovación con funcións de execución, coordinación e financiamento, nos termos e cos efectos establecidos na Lei 5/2013, de 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia.

V.- A Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia 061, de conformidade co Decreto 276/2001, do 27 de setembro, polo que se aproban os seus estatutos, é unha fundación pública, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia, de ámbito autonómico, que ten por obxecto a realización de actividades de xestión, coordinación, consultoría, docencia e investigación prioritariamente en materia de atención extrahospitalaria en caso de emerxencia e urgencia sanitaria, así como no campo dos coidados críticos e na atención sociosanitaria, promovendo a eficacia, eficiencia e seguridade do sistema sanitario. Tamén xestiona a Central de Coordinación de Urgencias Médicas, regulada na Orde do 9 de outubro de 1995.

3 

Entre os fins da fundación, cómpre destacar a xestión e coordinación das demandas de asistencia sanitaria en casos de emerxencia ou urxencia, a xestión e coordinación da atención e transporte sanitario urxente, do transporte iterhospitalario, de transplantes de órganos, da información e asesoramento médico telefónico ou da formación e investigación en materia de coordinación e asistencia sanitaria urxente, entre outros.

VI.- A Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía (INGO), de conformidade co Decreto 276/2001, do 27 de setembro, de adaptación das fundacións sanitarias á disposición adicional sétima da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, é unha fundación pública de competencia autonómica, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica de seu, de ámbito autonómico, que ten por obxecto a prestación de servizos especializados de consultoría, planificación, avaliación e prestación de servizos oftalmolóxicos de alta complexidade, a docencia e a investigación.

VII.- "Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A.", é unha empresa pública autonómica creada por Decreto 229/1994, do 14 de xullo, baixo a denominación de "Instituto Galego de Medicina Técnica S.A."

Por Decreto 209/2008, do 28 de agosto, procedeuse á modificación da denominación e obxecto sociais, pasando a denominarse "Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A.", medio propio instrumental e servizo técnico da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus organismos e entidades de natureza pública, para a execución das actividades que por elas lle sexan encomendadas, dentro das materias que constitúen o seu obxecto social, estando obrigadas a realizalas de acordo coas instrucións fixadas unilateralmente polo encomendante.

A entidade instrumental ten por obxecto o desenvolvemento, execución e explotación de infraestruturas sanitarias, a prestación de servizos de consultoría no eido sanitario, así como a prestación de servizos relacionados co ámbito sanitario. En particular, constituirán parte do obxecto social as seguintes actividades: a promoción, planificación, deseño, construción, conservación, mantemento, dotación de equipamento e explotación, por si mesma ou mediante terceiros, de toda clase de infraestruturas sanitarias que sexan promovidas pola Comunidade Autónoma de Galicia ou en que esta participe, vinculadas ao ámbito sanitario; e a prestación de actividades de consultoría en materia de avaliación, planificación, promoción, adquisición, organización, mantemento, formación, xestión, investigación, control de calidade e, en xeral, calquera materia relacionada co sector sanitario, especialmente no eido da alta tecnoloxía sanitaria.

VIII.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario económico, ao que non son alleas as Administracións públicas, obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade e minimizar custos, xestionándoos de forma máis eficiente.

Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións públicas mediante formulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos, e que, neste caso, se concretan no presente convenio.

Doutra banda, a lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, sinala non seu artigo 15.1, baixo ou epígrafe "acordos de colaboración ou cooperación para o financiamento conxunto de contratos para a satisfacción dunha finalidade común" que os órganos de contratación da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do sector público autonómico poderán chegar a acordos para o financiamento conxunto de contratos para a satisfacción dunha finalidade común. Segundo o apartado 3 deste artigo "cando o financiamento

conxunto se realice entre órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do sector público ou entre estas entre si, se formalizará un convenio de colaboración entre elas co mesmo contido expresado no apartado anterior”.

No mesmo sentido se expresa o artigo 323.5 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público por canto prevé que cando o contrato resulte de interese para varias entidades ou departamentos ministeriais e a tramitación do expediente deba efectuarse por un único órgano de contratación, as demais entidades ou departamentos interesados poderán contribuír ao seu financiamento, nos termos que se establezan regulamentariamente e con respecto á normativa presupostaria, na forma que se determine en convenios ou protocolos de actuación.

IX.- Os servizos da rede de telecomunicacións, a Internet, o mantemento de equipamento de comunicacións así como o servizo de xestión, administración e monitorización da mesma, teñen unha enorme importancia, non só na actividade diaria das institucións intervincentes, senón tamén para manter os actuais servizos de telecomunicacións co nivel de dispoñibilidade e criticidade adecuado, así como para a evolución da demanda de novos servizos e integración na rede de novos centros e a ampliación das redes existentes.

Por tal motivo, as partes intervincentes están interesadas en levar a cabo, a través do Servizo Galego de Saúde, a posterior licitación e contratación de ditos servizos e, para tal efecto suscriben o seguinte convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.-Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e as súas estruturas territoriais, a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS), a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061, a Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía (INGO), e “Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A”, para o financiamento conxunto do contrato do servizo da rede de telecomunicacións, do servizo de Internet, do mantemento do equipamento de comunicacións así como o servizo de xestión, administración e monitorización da mesma. Preténdese con isto manter os actuais servizos de telecomunicacións co nivel de dispoñibilidade e criticidade adecuado, así como para a evolución da demanda de novos servizos e integración en dita rede de novos centros e a ampliación das redes existentes.

Segunda.- Organismos e entidades participantes.

Os organismos e entidades participantes son os seguintes:

- 1.- Consellería de Sanidade: Servizos Centrais e Xefaturas Territoriais
- 2.- Servizo Galego de Saúde:
 - Servizos Centrais
 - E.O.X.I. A Coruña
 - E.O.X.I. Ferrol
 - E.O.X.I. Santiago
 - E.O.X.I. Lugo, Cervo e Monforte
 - E.O.X.I. Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras
 - E.O.X.I. Vigo
 - E.O.X.I. Pontevedra e O Salnés
- 3.- Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS)
- 4.- Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS)
- 5.- Fundación pública Instituto Galego de Oftalmoloxía (INGO)
- 6.- Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061
- 7.- Galaria Empresa Publica de Servizos Sanitarios S.A.



Terceira.- Financiamento.

1.- O importe da achega da Consellería de Sanidade para a execución do obxecto mencionado na cláusula segunda para o período 2019-2022, ascenderá a un máximo de seiscentos vinte e nove mil novecentos noventa e sete euros con trinta e nove céntimos (687.333,24 €), IVE incluído, coa seguinte distribución por anualidades:

CENTRO DE GASTO (Consellería de Sanidade)	CP	Substitucións/operacións	IMPORTE SA 2019	IMPORTE SA 2020	IMPORTE SA 2021	IMPORTE SA 2022	TOTAL SA	Porcentaxe SA	2019	IMPORTE SA 2019	IMPORTE SA 2020	IMPORTE SA 2021	IMPORTE SA 2022	TOTAL SA
001 0201 - CONSULLERÍA DE SANIDADE - SERVIZOS CENTRAIS	51511001H	1201 411A 22200	31.205,00€	104.000,00€	104.000,00€	31.115,00€	270.320,00€	1,00%	21,30%	31.120,00€	103.920,00€	103.920,00€	30.915,00€	269.975,00€
001 0201 - CONSULLERÍA DE SANIDADE - SERVIZOS CENTRAIS	51511001H	1201 413A 22200	7.175,00€	31.700,00€	32.700,00€	7.120,00€	78.695,00€	1,40%	21,30%	7.180,00€	31.720,00€	32.720,00€	7.070,00€	78.690,00€
001 0201 - CONSULLERÍA DE SANIDADE - SERVIZOS CENTRAIS	51511001H	1201 413A 22200	4.400,00€	17.900,00€	17.900,00€	4.400,00€	44.600,00€	2,26%	21,30%	4.400,00€	17.900,00€	17.900,00€	4.400,00€	44.600,00€
001 0201 - CONSULLERÍA DE SANIDADE - SERVIZOS CENTRAIS	51511001H	1201 413A 22200	4.200,00€	16.800,00€	16.800,00€	4.200,00€	42.000,00€	2,20%	21,30%	4.200,00€	16.800,00€	16.800,00€	4.200,00€	42.000,00€
001 0201 - CONSULLERÍA DE SANIDADE - SERVIZOS CENTRAIS	51511001H	1201 413A 22200	5.200,00€	21.800,00€	21.800,00€	5.190,00€	52.790,00€	2,21%	21,30%	5.200,00€	21.800,00€	21.800,00€	5.190,00€	52.790,00€

2.- O importe da achega do Servizo Galego de Saúde, e das respectivas estruturas organizativas de xestión integrada para a execución do obxecto mencionado na cláusula segunda para o período 2019-2022, ascenderá a un máximo de trinta millóns cincocentos setenta e nove mil novecentos catro euros con oito céntimos (30.579.904,08 €), IVE incluído, coa seguinte distribución por anualidades:

CENTRO DE GASTO (SERVIDO)	CP	IMPORTE SA 2019	IMPORTE SA 2020	IMPORTE SA 2021	IMPORTE SA 2022	0,02%	IMPORTE SA 2019	IMPORTE SA 2020	IMPORTE SA 2021	IMPORTE SA 2022				
000000 - SERVIZO GALEGO DE SAÚDE - SERVIZOS CENTRAIS - IVE (SA)	06550000H	5001 411A 0214	761.280,00€	3.172.510,00€	3.172.510,00€	2.379.384,00€	9.985.684,00€	46,00%	21,22%	993.084,00€	3.204.730,00€	3.204.730,00€	2.379.384,00€	11.782.928,00€
000000 - SERVIZO GALEGO DE SAÚDE - SERVIZOS CENTRAIS - IVE (SA)	06550000H	5001 411A 22200	87.073,00€	346.200,00€	346.200,00€	86.216,00€	1.065.689,00€	5,15%	21,30%	106.569,00€	421.420,00€	421.420,00€	105.732,00€	1.055.141,00€
000000 - SERVIZO GALEGO DE SAÚDE - SERVIZOS CENTRAIS	06550000H	5001 411A 0214	18.944,00€	75.770,00€	75.770,00€	18.920,00€	73.404,00€	21,30%	21,30%	18.920,00€	75.690,00€	75.690,00€	18.900,00€	74.200,00€
000000 - SERVIZO GALEGO DE SAÚDE - SERVIZOS CENTRAIS	06550000H	5001 411A 0214	101.620,00€	407.260,00€	407.260,00€	101.596,00€	417.736,00€	21,30%	21,30%	101.620,00€	407.260,00€	407.260,00€	101.596,00€	417.736,00€
000000 - SERVIZO GALEGO DE SAÚDE - SERVIZOS CENTRAIS	06550000H	5001 411A 0214	247.920,00€	983.000,00€	983.000,00€	247.900,00€	983.820,00€	21,30%	21,30%	247.920,00€	983.000,00€	983.000,00€	247.880,00€	983.800,00€
000000 - S.C.C. - LABORAL	01700000H	1501 413A 22200	121.317,00€	489.280,00€	489.280,00€	121.317,00€	1.221.194,00€	1,17%	21,30%	121.317,00€	489.280,00€	489.280,00€	121.317,00€	1.221.194,00€
000000 - S.C.C. - LABORAL	01700000H	1501 413A 22200	48.110,00€	186.440,00€	186.440,00€	48.110,00€	486.100,00€	1,36%	21,30%	48.110,00€	186.440,00€	186.440,00€	48.110,00€	486.100,00€
000000 - S.C.C. - LABORAL	01700000H	1501 413A 22200	107.400,00€	419.800,00€	419.800,00€	107.400,00€	1.074.400,00€	7,73%	21,30%	107.400,00€	419.800,00€	419.800,00€	107.400,00€	1.074.400,00€
000000 - S.C.C. - LABORAL - SERVIZOS CENTRAIS	02700000H	2101 413A 22200	31.210,00€	121.040,00€	121.040,00€	31.210,00€	124.500,00€	3,20%	21,30%	31.210,00€	121.040,00€	121.040,00€	31.210,00€	124.500,00€
000000 - S.C.C. - LABORAL - SERVIZOS CENTRAIS	03200000H	3001 413A 22200	108.280,00€	419.710,00€	419.710,00€	108.280,00€	1.086.990,00€	8,80%	21,30%	108.280,00€	419.710,00€	419.710,00€	108.280,00€	1.086.990,00€
000000 - S.C.C. - LABORAL - SERVIZOS CENTRAIS	03600000H	3601 413A 22200	132.110,00€	504.840,00€	504.840,00€	132.110,00€	1.334.700,00€	1,84%	21,30%	132.110,00€	504.840,00€	504.840,00€	132.110,00€	1.334.700,00€
000000 - S.C.C. - LABORAL - SERVIZOS CENTRAIS	04600000H	4601 413A 22200	12.100,00€	46.000,00€	46.000,00€	12.100,00€	48.200,00€	4,26%	21,30%	12.100,00€	46.000,00€	46.000,00€	12.100,00€	48.200,00€

3.- O importe da achega da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) para a execución do obxecto mencionado na cláusula segunda para o período 2019-2022, ascenderá a un máximo de corenta e catro mil novecentos cincuenta e tres euros con noventa e dous céntimos (44.953,92 €), IVE incluído, coa seguinte distribución por anualidades:

000000 - Servizo Galego de Saúde - Xestión do Coñecemento en Saúde	01500412L	12A1 411A 22200	1.060,00€	12.284,00€	12.284,00€	9.700,00€	35.328,00€	2,18%	21,30%	1.060,00€	12.284,00€	12.284,00€	9.700,00€	35.328,00€
--	-----------	-----------------	-----------	------------	------------	-----------	------------	-------	--------	-----------	------------	------------	-----------	------------

4.- O importe da achega da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS) para a execución do obxecto mencionado na cláusula segunda para o período 2019-2022, ascenderá a un máximo de cento cincuenta e oito mil oitocentos sesenta e tres euros con trinta e dous céntimos (158.863,32 €), IVE incluído, coa seguinte distribución por anualidades:

000000 - Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos	01500413H	12A2 413A 22200	6.940,00€	67.940,00€	67.940,00€	22.820,00€	155.640,00€	2,05%	21,30%	6.940,00€	67.940,00€	67.940,00€	22.820,00€	155.640,00€
--	-----------	-----------------	-----------	------------	------------	------------	-------------	-------	--------	-----------	------------	------------	------------	-------------

6 

5.- O importe da achega da Fundación pública Instituto Galego de Oftalmoloxía (INGO) para a execución do obxecto mencionado na cláusula segunda para o período 2019-2022, ascenderá a un máximo de tres mil cincocentos vinte e oito euros con trinta e seis céntimos (3.528,36 €), IVE incluído, coa seguinte distribución por anualidades:

CONTRATO: INSTITUTO GALEGO DE OFTALMOLOGIA	019402808	Contratación pública (servizos)	240,00 €	871,80 €	972,00 €	79,80 €	2.049,00 €	0,01 % (21,00 %)	294,00 €	1.178,12 €	1.178,12 €	662,36 €	3.528,36 €
--	-----------	---------------------------------	----------	----------	----------	---------	------------	------------------	----------	------------	------------	----------	------------

6.- O importe da achega da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 para a execución do obxecto mencionado na cláusula segunda para o período 2019-2022, ascenderá a un máximo de seiscentos sesenta e catro mil cincocentos sete euros con oitenta céntimos (664.507,80 €), IVE incluído, coa seguinte distribución por anualidades:

CONTRATO: URGENCIAS SANITARIAS DE GALICIA 061	G15702250	Contratación pública (servizos)	46.780,00 €	181.960,00 €	183.000,00 €	17.295,00 €	549.180,00 €	2,71 % (21,00 %)	33.270,00 €	221.992,00 €	221.992,00 €	181.126,80 €	664.507,80 €
---	-----------	---------------------------------	-------------	--------------	--------------	-------------	--------------	------------------	-------------	--------------	--------------	--------------	--------------

7.- O importe da achega de "Galería Empresa Publica de Servizos Sanitarios S.A." para a execución do obxecto mencionado na cláusula segunda para o período 2019-2022, ascenderá a un máximo de sesenta e seis mil trescentos oitenta e cinco euros con corenta e catro céntimos (66.385,44 €), IVE incluído, coa seguinte distribución por anualidades:

CONTRATO: GALERIA	A15476740	Contratación pública (servizos)	447,00 €	8.288,00 €	18.288,00 €	0,76,00 €	54.964,00 €	0,27 % (21,00 %)	6.932,00 €	22.128,00 €	22.128,00 €	19.036,00 €	66.385,44 €
-------------------	-----------	---------------------------------	----------	------------	-------------	-----------	-------------	------------------	------------	-------------	-------------	-------------	-------------

Cuarta.- Compromisos a desenvolver.

A Unidade administrativa xestora do procedemento de contratación será o Servizo de Contratación (Subdirección Xeral de Compras e Servizos) sendo o órgano de contratación a Dirección Xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde, a través do que se canalizará tamén o financiamento correspondente aos centros de gasto da Consellería de Sanidade e do propio Servizo Galego de Saúde.

As demais partes asinantes comprométese a aportar o financiamento previsto nas condicións e prazos indicados na cláusula terceira do presente convenio.

Quinta.- Expediente de contratación.

O procedemento de contratación que se tramite como consecuencia do presente convenio tipificarase como contrato de servizos suxeito a regulación harmonizada, conforme ao previsto nos artigos 17, 19 e 22 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público. Para a adxudicación da contratación aplicarase o procedemento aberto previsto nos artigos 131 e 156 a 158 da citada Lei 9/2017, e o expediente tramitarase de forma ordinaria.

A contratación dividirase nos seguintes lotes:

Lote 1: Servizo da Rede de Telecomunicacións. Nomenclatura: CPA 61 CPV:64200000-8, 64210000-1 e 64212000-5.

Lote 2: Servizo de acceso seguro a Internet e Ciberseguridade. Nomenclatura: CPA61 CPV: 72400000-4

Lote 3: Servizo de mantemento de equipamento de comunicacións. Nomenclatura: CPA 62 CPV: 50312300-8

Lote 4: Servizo de Monitorización e Xestión da Rede de Telecomunicacións. Nomenclatura: CPA62 CPV: 71315000-6 e/ou 72510000-3.

7

O orzamento base de licitación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, será o seguinte:

Lote	Presupuesto base Licitación (sin IVA)	IVA	Presupuesto base Licitación (con IVA)
1	20.302.092,00 €	4.263.439,32 €	24.565.531,32 €
2	2.122.128,00 €	445.646,88 €	2.567.774,88 €
3	1.221.876,00 €	256.593,96 €	1.478.469,96 €
4	2.970.000,00 €	623.700,00 €	3.593.700,00 €
	26.616.096,00 €	5.589.380,16 €	32.205.476,16 €

O valor máximo estimado dos contratos derivados do expediente de contratación, para os efectos do establecido no artigo 101 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, será de:

Contrato inicial (sin IVA)	Posibles modificaciones (máximo 20%)	Posibles prórrogas (máximo 2 años)	Posibles modificaciones (máximo 20%)	Unidades ejecución Variables	Valor estimado (sin IVA)
20.302.092,00 €	4.060.418,40 €	13.534.728,00 €	2.706.945,60 €	507.552,30 €	41.111.736,30 €
2.122.128,00 €	424.425,60 €	1.414.752,00 €	282.950,40 €		4.244.256,00 €
1.221.876,00 €	244.375,20 €	814.584,00 €	162.916,80 €		2.443.752,00 €
2.970.000,00 €	594.000,00 €	1.980.000,00 €	396.000,00 €		5.940.000,00 €
26.616.096,00 €	5.323.219,20 €	17.744.064,00 €	3.548.812,80 €	507.552,30 €	53.739.744,30 €

No expediente de contratación acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas mediante a incorporación deste convenio, así como os certificados de existencia de crédito e a documentación correspondente que acredite a súa retención, ou documentos que legalmente os substitúan, sen que sexa preciso a formalización de garantías entre as entidades do sector público participantes.

A Dirección Xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde actuará no expediente de contratación e na execución do contrato en nome e por conta das partes participantes neste convenio e poderá exercer todas as potestades que a lexislación lle recoñece ao órgano de contratación fronte ao contratista, sen prexuízo da adecuada coordinación nas relacións internas coas demais entidades participantes.

Sexta.- Modalidade de actuación no financiamento conxunto.

A modalidade de actuación no financiamento conxunto que se aplica neste convenio é a denominada concorrencia subxectiva na posición do contratante, prevista no artigo 16 a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.


As partes asinantes quedarán obrigadas respecto do contratista, concorrendo á cotitularidade do contrato, e serán responsables directas cada unha delas da obriga de pagamento das cantidades comprometidas na cláusula segunda e terceira.

Cada participante deste convenio será responsable de aboarlle, ao contratista do contrato que se subscriba as contraprestacións correspondentes nos termos que se establezan no contrato e segundo o prezo acordado.

Polo tanto, cada parte deste convenio deberá aboarlle ao contratista soamente a súa parte e non será responsable do aboamento da outra parte. Esta cuestión deberá constar expresamente nos correspondentes pregos da licitación.

Sétima.- Participación conxunta

Na elaboración dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas ou proxectos participarán conxuntamente as partes asinantes, de xeito que o contrato resultante poida satisfacer axeitadamente asa necesidades que se pretenden cubrir.

8 

Oitava.- Vixencia

Este convenio producirá os seus efectos a partires da data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o momento que se extinga o contrato previsto, en todo caso ata o 31 de decembro de 2022, sen prexuízo das posibles prórrogas (por períodos anuais ata o máximo de 4 anos) que se acorden e instrumente a través dunha addenda a este Convenio na que se fixará a prórroga e os correlativos compromisos das partes.

Novena.- Modificación

O presente convenio poderá ser obxecto de desenvolvemento a través das correspondentes addendas ao mesmo.

De acordo co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Décima.- Comisión de seguimento

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes designados por cada unha das partes asinantes, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

Esta comisión estará presidida pola persoa titular da Dirección Xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde ou persoa na que delegue.

Undécima.- Publicidade

As partes consenten expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio no rexistro público de Convenios, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, ademais da información que se debe de facer pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do convenio, en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016.

As partes asinantes autorizan/consentem a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.


Décimo segunda.- Protección de Datos de Carácter Persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Décimo terceira.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, e rexerese pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, pola lexislación en materia de contratos do sector público e polas demais normas de aplicación.

As discrepancias que poidan producir resolveranse nos termos previstos no artigo 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e no artigo 13 da



9

Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para os conflitos de atribucións.

E en proba de conformidade co exposto, asinan este convenio no lugar e data sinalados.

Pola Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde	Pola Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos
	
Jesús Vázquez Almuiña	María Luisa López García
Pola Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde	Pola Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061
	
Beatriz Allegue Requeijo P.D. CONSELLEIRO	José Manuel Flores Arias
Pola Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía (INGO)	Por "Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A"
	
Elio Diez-Feijóo Arias	Rocío Mosquera Álvarez